

CLIMA Cada euro destinado a investigación e medidas meteorolóxicas aforrará sete en perdas por catástrofes. Os fenómenos extremos representan o 90% dos desastres naturais

INVESTIR NO TEMPO

ÚLTIMA BORRASCAS DO INVERNO EN GALIZA CON ALERTA VERMELLA POR MAR DE FONDO E NEVE NO MONTE

Axencias · Santiago

Cada euro empregado en medidas de detección e prevención de riscos asociados coa meteoroloxía e a hidroloxía pode evitar que se teñan que desembolsar sete euros en gastos relacionados coas catástrofes naturais.

Este e outros datos que avalan a importancia de investir nos servizos de meteoroloxía foron postos de relevo polo secretario xeral da Organización Meteorolóxica Mundial (OMM), Michel Jarraud, na apertura da cuarta Conferencia Internacional de Meteoroloxía, que inaugurou onte a raíña dona Sofía.

O acto contou tamén coa presenza do presidente da OMM, Alexander Bedritsky, e a ministra de Medio Ambiente, Cristina Narbona, quen agradeceu o patrocinio da Casa Real ás iniciativas deste tipo, nas que o Goberno español se considera "implicado e capacitado para contribuír ó avance colectivo".

O secretario xeral da OMM asegurou que os recursos destinados ós servizos meteorolóxicos e hidrolóxicos nacionais "deben considerarse un investimento e non un gasto". Subliñou que se estima que "a proporción dos beneficios totais obtidos de investir en infraestruturas meteorolóxicas e hidrolóxicas nalgúns países é da orde de 10 a 1", aínda que varía dunhas zonas a outras. Recordou que os fenómenos meteorolóxicos extremos (secas, crecidas,



Santiago de Compostela soporou onte o mal tempo logo dunha semana de calor

CHEGA A PRIMAVERA

Paso a temperaturas "normais"

O temporal carará paso a "temperaturas máis normais" da primavera en toda España, que teoricamente entra o día 21. O director xeral do Instituto Nacional de Meteoroloxía, Cadarso, recordou que, aínda que as predicións estacionais

non son tan precisas, se prevén temperaturas "normais" para a época cu en todo caso "un pouco por encima da media". No escenario do quecemento global Cadarso recordou que se espera un incremento das temperaturas.

cións tropicais, tormentas, etc.), que representan o 90 por cento de todos os desastres naturais, provocaron nos últimos anos catástrofes de consecuencias "devastadoras".

Precisamente O Instituto Nacional de Meteoroloxía (INM) advirte de que hoxe as costas galegas poderían estar en "alerta vermella" debido ó mar de fondo con ondas de ata sete metros de altura e neve nos

montes a partir de 800 metros, informou onte a Consellería de Presidencia.

A Dirección de Protección Civil da Xunta de Galicia apunta a que este episodio de temporal, segundo o INM, afectará sobre todo ás zonas do litoral próximas ás provincias da Coruña e Lugo.

Segundo a nota, o centro meteorolóxico do INM en Galiza "prevé que o mar de fondo supere os 7 metros no noroeste, en especial no norte de Fisterra, mentres que no resto do litoral oscilará entre os 5 e 6 metros".

Engade que, ademais, e a consecuencia dunha "fronte fría" que previsiblemente lle afectará a Galiza ao longo do día de hoxe, producirase un "descenso importante das temperaturas", ata o punto de que nas cotas de entre 800 e 1.200 metros poderían rexistrarse precipitacións de neve, "aínda que non de moita intensidade".

Protección Civil advirte, de xeito preventivo, de que xa lle informou ós organismos e ás empresas susceptibles de resultar prexudicados polo temporal, ademais dos concellos da zona costeira de Fisterra a Ribadeo.

Ese organismo da Xunta invita a poboación a tomar "medidas de autoprotección", entre as cales destaca "evitar acercarse a diques nos que o mar poida arrastrar persoas ou vehículos, circular sempre con precaución" e consultar a situación das estradas antes de emprender viaxe.

E é que a península e Baleares despiden o inverno con último temporal que chega en forma de baixas temperaturas, neve e ventos que se prolongarán ata mediados desta semana. ●